


A VIDA

é unha viaxe



Ademais de escritor, profesor e intelectual comprometido co seu tempo, Carlos Casares foi un gran viaxeiro. O seu matrimonio con Kristina Berg levouno ata as rexións nórdicas de Europa, un continente que, igual ca outros, como o americano, percorrería en numerosas ocasións debido a viaxes de traballo e de lecer.




PROBA A COLOREAR DE DIFERENTES
CORES OS CINCO CONTINENTES.

Carlos Casares sentía dende neno unha gran paixón polos trens.

De maior, construíu na súa casa unha das maquetas ferroviarias máis importantes de Galicia. Reproducía ao detalle un mundo que adoraba e que era sinónimo de aventuras e novos horizontes.

Por certo, sabías que a primeira liña de ferrocarril que houbo en Galicia se inaugurou en 1873 e que unía a parroquia de Carril (Vila García) e a de Cornes (Santiago de Compostela)?




* DEBUXO LIBRE!

COLOREA DENTRO OU FÓRA,
IMAXINA MUNDOS NOVOS,
CREA O QUE CHE PETE!

O de maquinista é un traballo moi importante:

É a persoa que se encarga de guiar o tren.

Entre as súas misións están a de controlar a velocidade,
frear e tamén abrir e pechar as portas para que poidan
subir e baixar os viaxeiros.




* DEBUXO LIBRE!

COLOREA DENTRO OU FÓRA,
IMAXINA MUNDOS NOVOS,
CREA O QUE CHE PETE!

* **DEBUXO LIBRE!**

COLOREA DENTRO OU FÓRA,
IMAXINA MUNDOS NOVOS,
CREA O QUE CHE PETE!



Estando tan ligado a Xinzo de Limia, Casares sabía que tamén se pode viaxar sendo outro. Para iso, está o Entruido

PANTALLA: Carauta propia e exclusiva do Entruido de Xinzo de Limia, que representa un demo de expresión amable, e que consiste nunha soa peza que cobre a cara e a cabeza, prolongándose nunha especie de carapucho curvado cara a adiante, decorado con debuxos de figuras astrais ou de animais. As pantallas son de elaboración artesanal. Por extensión, é o disfrace completo que ademais desta carauta se compón dun traxe branco cunha faixa encarnada na cintura, un cinto con chocas e unha capa de seda encarnada ou negra con fitas de cores.

* **DEBUXO LIBRE!**

COLOREA DENTRO OU FÓRA,
IMAXINA MUNDOS NOVOS,
CREA O QUE CHE PETE!



PELIQUEIRO ou **PELIQUEIRA**: Personaxe do Entroido galego propio de Laza e Verín, que se caracteriza por levar un traxe artesanal, moi vistoso e elaborado, do cal destaca a carauta que se prolonga na parte superior nunha especie de mitra de lata adornada con símbolos animais ou astrais e rematada na parte posterior nunha pelella de gato ou coello, que se pasea polas rúas da vila facendo ruído coas chocas que lle penduran do cinto e en actitude ameazante cun látigo na man.